

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

*RESOLUCIÓN do 29 de abril de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas para a participación no programa Reencontros con Galicia, dirixido a persoas emigrantes maiores de 65 anos que residan no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento EM926G).*

O artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia recoñécelles ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, define a galegitude como o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego, tal e como sinala o artigo 7.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En aplicación desta, procede establecer o marco normativo ao cal deberá axustarse o procedemento de concesión de subvencións que posibiliten ás entidades e persoas galegas establecidas noutras comunidades autónomas ou no exterior a realización de programas de actividades que lles sexan propias e, fundamentalmente, nas áreas formativas, culturais e de xuventude.

Segundo o establecido no artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27 de maio), a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, en particular, as recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

A Secretaría Xeral da Emigración ten como un dos seus obxectivos promover a participación de toda a colectividade galega no exterior na nosa vida cultural e social.

Na realización de todas estas funcións, a Secretaría Xeral da Emigración conta con distintas liñas de axudas e subvencións baseadas nos principios de publicidade e conco-



rencia, segundo os criterios establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con cargo aos fondos públicos.

Neste contexto enmárcase esta resolución pola cal se convoca e se regula o programa de viaxes Reencontros con Galicia, que permite a persoas emigrantes galegas de 65 anos ou máis, residentes en América e Europa, reencontrarse coa terra que as viu nacer.

No desenvolvemento deste programa colabora a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

## RESOLVO:

### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá o procedemento para a concesión de axudas correspondentes ao programa Reencontros con Galicia para o ano 2026, que ten por finalidade facilitar ás persoas maiores galegas residentes no exterior o contacto coa realidade galega actual e o encontro cos seus familiares mediante un período de estadía en Galicia, entre os días 7 e 17 de outubro, e o desenvolvemento dun programa de actividades socioculturais. Co fin de reforzar os lazos familiares, prevese a posibilidade de que os participantes poidan prorrogar a súa estadía, pola súa conta, durante un período aproximado de quince (15) días máis.

As axudas incluírán o financiamento, total ou parcial, do custo dos desprazamentos de ida e volta desde os seus países de residencia ata Galicia, a prestación dos servizos de aloxamento en réxime de pensión completa e das actividades programadas.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución convocar estas axudas para o ano 2026 (código de procedemento EM926G).



3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, e demais normativa de aplicación.

#### Artigo 2. *Número de prazas convocadas e características do programa*

1. Convócanse un total de 250 prazas, que inicialmente se asignarán para os distintos países e modalidades de pagamento segundo o disposto no anexo I.

2. As persoas participantes aloxaranse na residencia de tempo libre de Panxón ou na do Carballiño, segundo a distribución que realice o órgano que convoca. A residencia de Panxón dispón de 39 habitacións dobres, 29 triplas e 4 cuádruplas; na medida do posible, disporase dalgunhas habitacións de uso individual. A residencia do Carballiño conta con 12 habitacións individuais, 52 dobres, 2 triplas e 10 cuádruplas.

3. Existen dous tipos de axuda en función do nivel de ingresos da unidade familiar: a que cobre todos os custos dos desprazamentos ata e desde Galicia e a que prevé o financiamento compartido destes, de modo que cada un dos participantes aboe a contía de seiscientos euros, no caso de América e douscentos cincuenta euros para Europa, para cubrir parte dos custos dos voos internacionais.

Prevese tamén a posibilidade de optar a unha ou a dúas prazas, en función de que a persoa solicitante pretenda viaxar soa ou acompañada, e de elixir entre dúas datas de regreso: o día do remate das actividades previstas ou quince (15) días despois. Neste caso, todos os gastos que deriven das súas actividades desde que abandonan o establecemento residencial ata o embarque no aeroporto de regreso correrán pola súa conta.

Os solicitantes deben identificar as opcións preferidas no modelo de solicitude do anexo II.

4. A prestación sanitaria das persoas participantes realizarase de acordo coa lexislación aplicable en Galicia, coas disposicións vixentes en materia de seguridade social, as do Estado de procedencia e/ou os convenios internacionais subscritos polo Estado español. As persoas solicitantes disporán dunha tarxeta sanitaria con cobertura de prestacións médicas e farmacéuticas para o caso de enfermidade común ou accidente non laboral. As persoas acompañantes terán a cobertura de asistencia médica propia da póliza do seguro de viaxe contratado ao abeiro deste programa por esta secretaría xeral.



5. Con carácter previo á realización da viaxe a Galicia, as persoas seleccionadas serán convocadas a unha reunión informativa polas entidades designadas pola Secretaría para estes efectos, para comunicarlles os pormenores da viaxe e do desenvolvemento do programa: as condicións dos traslados desde o aeroporto de orixe ata as residencias onde serán aloxadas, o réxime interno destas e o plan previsto que, en todo caso, incluírá actividades lúdicas e de tempo libre no lugar de residencia, saídas culturais pola contorna, unha visita a Santiago de Compostela e unha sesión co persoal da Secretaría Xeral da Emigración que lles presentará o traballo que realiza a prol das colectividades galegas do exterior e atenderá as súas consultas e inquiredanzas.

6. Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa para próximas convocatorias, e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse experiencias e mesmo imaxes das instalacións e das persoas participantes, que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes, que serán incorporadas ao ficheiro «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», de acordo co previsto na información básica sobre a protección de datos persoais que figura no anexo II.

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser unha persoa emigrante galega.
- b) Posuír a nacionalidade española.
- c) Residir no exterior de maneira continuada, como mínimo, durante os dez (10) últimos anos naturais (2016-2026).
- d) Ter 65 anos o 7 de outubro de 2026.
- e) Non ter participado nos últimos dez (10) anos naturais en programas de viaxes a Galicia organizados pola Secretaría Xeral da Emigración, isto é, desde 2017 en diante. Ex-



cepcionalmente, cando nalgún dos países ou áreas xeográficas indicadas no anexo I non haxa ningún solicitante que cumpra este requisito para cubrir as prazas ofertadas, o titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá reducir a cinco (5) o número de anos arriba indicado. Neste caso limitarase o número de prazas asignado ao 50 %.

f) Acreditar que se vale por si mesma para realizar as actividades básicas da vida diaria, non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia, estar en boas condicións físicas para realizar unha viaxe de longa duración e para realizar actividades lúdicas e saídas culturais en autocar pola contorna.

g) Os solicitantes de América que opten a unha das prazas financiadas ao cen por cento pola Secretaría Xeral da Emigración terán que acreditar que carecen de ingresos suficientes.

Para os solicitantes de América, considéranse suficientes os que superen a contía resultante de multiplicar por dous (2) o importe da base de cálculo da prestación por razón de necesidade que o Goberno español determine para o ano 2026 para cada país ou, no caso de que convivan con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía determinada pola suma dese límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 % da devandita cifra polo número de persoas que convivan menos unha.

O resto das persoas solicitantes deben optar por unha das prazas ofertadas na modalidade de copagamento consonte o especificado no anexo I desta convocatoria e aboar á empresa que resulte adxudicataria do servizo dos desprazamentos internacionais a cantidade de 600 € ou 250 €, segundo residan en América ou Europa, no prazo de dez días contados a partir da publicación da resolución de concesión das axudas.

h) No suposto de que decidisen prolongar a súa estadía en Galicia durante quince días, presentar unha declaración responsable asinada por algún familiar maior de idade ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade, segundo o modelo do anexo V (consentimento da familia en Galicia).

2. As persoas solicitantes que queiran vir acompañadas poderán facelo polo cónxuxe ou persoa a elas unida por unha relación de afectividade análoga coa que leve convivindo, polo menos, durante o último ano completo, ou por un/unha fillo/a ou irmán/á.



As persoas solicitantes con 85 anos feitos o 7 de outubro de 2026, salvo en supostos excepcionais que serán obxecto de valoración pola Secretaría Xeral da Emigración, deben vir acompañadas por outra persoa da súa familia que teña unha idade entre 30 e 70 anos o 7 de outubro de 2026. Neste caso, amplíase o grao de parentesco ata o cuarto grao de consanguinidade.

3. As persoas acompañantes que non formen parte da unidade familiar dos solicitantes deben asumir o compromiso de facerse cargo delas desde o inicio da viaxe ata o regreso ao seu país de residencia. A Secretaría Xeral da Emigración facilitaralles un modelo aos que resulten beneficiarios, para que formalicen ese compromiso por escrito.

Así mesmo, no suposto de que a persoa á que acompañan solicitase unha axuda segundo o financiamento do 100 %, deben presentar os documentos que acrediten que os seus ingresos persoais se atopan por debaixo do límite establecido na alínea g) deste artigo. Se non os presentan ou os seus ingresos superan ese importe, corresponderalles a modalidade de axuda de copagamento (é dicir, achegarán a cantidade de 600 € ou 250 €, segundo residan en América ou Europa para os gastos do voo), que tamén se aplicará aos acompañantes de persoas solicitantes que optasen por esa modalidade.

#### Artigo 4. *Financiamento, gastos subvencionables e compatibilidade*

##### 1. Financiamento.

As axudas do programa teñen a consideración de axudas en especie e non supoñen contabilización de gasto. Os servizos que se prestan ás persoas participantes nesta convocatoria serán obxecto de licitación, de acordo coa normativa de contratos do sector público.

##### 2. Gastos subvencionables.

A Secretaría Xeral da Emigración faise cargo dos gastos de organización do programa, incluíndo os traslados en avión das persoas participantes, o transporte desde a residencia ata o aeroporto de saída daqueles participantes que realicen un retorno inmediato, o desenvolvemento do programa de actividades e os custos de aloxamento e manutención durante a estadía nas residencias.

Incluiranse tamén os voos internos dentro do país, ata o aeroporto de saída que, en todo caso, corresponderán a persoas que residan a máis de 400 km dos devanditos aeroportos.



As viaxes en avión desde o país de residencia e de volta a este serán, en todo caso, con destino e orixe nun aeroporto de Galicia.

Todos os gastos das persoas beneficiarias e os seus acompañantes que solicitasen regresar quince (15) días despois do remate das actividades do programa ou daqueles que por algunha circunstancia imprevista se vexan obrigados a atrasar a viaxe de volta correrán pola súa conta.

### 3. Compatibilidade.

As axudas outorgadas ao abeiro desta resolución son compatibles con calquera outra axuda que poida ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vai levar a cabo a persoa beneficiaria.

#### Artigo 5. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Cada persoa participante só poderá presentar unha solicitude debidamente cuberta. A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de maneira presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As persoas solicitantes residentes en América que non posúan certificado electrónico e así o desexen poderán dirixirse ás oficinas das delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo e das entidades que se indican a continuación, nas cales existen persoas habilitadas para a presentación electrónica das súas solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- En Brasil:

- Peña Galega de la Casa de España de Río de Janeiro.



- Sociedad Hispano-Brasileira de Socorros Mutuos e Instrucción de São Paulo.
- Sociedad de Socorros Mutuos y Beneficencia Rosalía de Castro en Santos.
- Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago en Salvador de Bahía.
- En Cuba:
  - Federación de Sociedades Galegas na Habana.
- En Venezuela:
  - Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.
  - Hermandad Gallega de Valencia.
  - Centro Gallego de Maracaibo.
  - Centro Gallego de Puerto La Cruz.
  - Asociación Hijos de Galicia de los Estados de Aragua y Lara.

A utilización desta vía requirirá que a persoa solicitante autorice a persoa encargada da correspondente entidade para que presente a súa documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen prexuízo da súa obriga de cubrir e asinar a solicitude segundo o anexo II.

No caso de acudir a algunha das devanditas entidades, é recomendable que as solicitudes se presenten cunha antelación suficiente respecto ao último día do prazo de presentación das solicitudes.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 6. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Se é preciso, poderase prolongar uns días o prazo de permanencia deste procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia, exclusivamente para os efectos de que as delegacións e demais entidades autorizadas, en exercicio da autorización outorgada polas persoas solicitantes para facelo, poidan introducir os datos das solicitudes recibidas en prazo.

#### Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa súa solicitude (anexo II) a seguinte documentación da persoa solicitante:

a) Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade, mediante o pasaporte español ou outro documento en que consten os seus datos persoais de identificación e a nacionalidade española.

b) Documentación acreditativa do lugar e data de nacemento, para o caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.

c) Unha fotografía recente tamaño carné.

d) Certificado do Rexistro de Matrícula Consular como residente no país de América ou Europa que corresponda en que conste a data de inscrición, ou outro documento acreditativo da súa residencia no exterior de maneira continuada, polo menos, durante os últimos dez (10) anos.

e) Informe médico conforme o modelo que figura como anexo III.

f) No caso dos que opten ás axudas do cen por cento, os xustificantes acreditativos de todo tipo de ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que percibisen a persoa solicitante e os demais membros da súa unidade económica familiar nos meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano en curso, que resulten suficientes para acreditar que non superan o límite establecido no artigo 3.1.g) desta resolución.



Para eses efectos, considerarase unidade económica familiar a integrada pola persoa solicitante e, de ser o caso, o seu cónxuxe, parella de feito ou relación análoga de afectividade, así como os/as fillos/as e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, sempre que convivan coa persoa solicitante.

g) Libro de familia, se procede. Na súa falta, presentarase a documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga de afectividade e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.

h) Documento en que conste se a persoa solicitante é beneficiaria da prestación por razón de necesidade do Estado español no ano 2026. De non presentalo, entenderase que desiste da aplicación do criterio de selección sinalado no artigo 11.1 desta resolución.

i) Declaración da persoa acompañante segundo o modelo do anexo IV, de ser o caso.

j) No caso de optar a regresar quince (15) días despois do remate da actividade, declaración ou consentimento informado, segundo o modelo do anexo V, asinado polo familiar de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade. Este anexo poderá ser presentado directamente pola persoa asinante en Galicia, para a súa incorporación ao expediente de solicitude do familiar solicitante.

2. Para o caso de que a persoa solicitante pretenda vir acompañada por outra persoa da súa familia, sexa convivente ou non, esta deberá presentar o anexo IV debidamente cuberto e a seguinte documentación:

a) Pasaporte ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais e nacionalidade.

b) Informe médico, segundo o modelo incluído no anexo III.

c) Unha fotografía recente tamaño carné.

d) Documentación acreditativa da súa residencia, lugar e data de nacemento.

e) Documentación que probe a relación de parentesco coa persoa solicitante e, de ser o caso, a convivencia con ela desde un ano polo menos, mediante a inscrición no rexistro correspondente, manifestación expresa por acta de notoriedade ou calquera outro medio admisible en dereito.



f) Documentación acreditativa dos seus ingresos do primeiro trimestre de 2026, no suposto que a persoa solicitante opte polo financiamento do 100 %, conforme o disposto no artigo 3.3.

3. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria de maneira presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento poderán consultarse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI da persoa solicitante, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, para o caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



**Artigo 9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes**

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 10. Comisión Avaliadora**

1. Os expedientes de solicitude serán avaliados por un órgano colexiado integrado por tres persoas funcionarias da Secretaría Xeral da Emigración, o cal emitirá o informe no que concrete o resultado da avaliación, que elevará ao órgano instructor para que formule a correspondente proposta de resolución.

A devandita Comisión Avaliadora poderá contar coa asistencia doutros órganos colexiados que se constitúan, por petición da Secretaría Xeral da Emigración, nas dependencias da Xunta de Galicia en Arxentina e Uruguai para avaliar as solicitudes presentadas neses países. De ser o caso, esas comisións serán presididas polas persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo, respectivamente, que nomearán ao resto dos seus compoñentes entre o seu persoal.

2. Se algunha das comisións de avaliación citadas así o considera, poderá encargar informes que comprobén a veracidade dos datos achegados nas solicitudes e que deberán realizar profesionais titulados. Os resultados obtidos serán tidos en conta na avaliación das solicitudes e, de ser o caso, darán lugar ao rexeitamento da solicitude.

3. O funcionamento da Comisión de Valoración rexerese polo disposto na sección terceira do capítulo I, título I, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

**Artigo 11. Criterios de prelación**

1. Para a asignación das prazas correspondentes a cada unha de áreas territoriais establecidas no anexo I, a selección dos solicitantes realizarase conforme os seguintes criterios:

– En primeiro lugar, terán preferencia as persoas que nunca participaron en programas de viaxes da Secretaría Xeral da Emigración.



– En segundo lugar, para os solicitantes que residan en América, aquelas persoas que este ano sexan beneficiarias da prestación económica por razón de necesidade.

– En último lugar, as de maior idade. De teren a mesma idade, o empate resolverase por orde alfabética do primeiro apelido a partir da letra «M», que é a resultante do sorteo que tivo lugar en xaneiro deste ano, en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e da Resolución do 22 de xaneiro de 2026, da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro).

A selección dunha solicitante comportará a da persoa que figure no seu expediente como acompañante (anexos II e IV), sempre que quede acreditado que cumpre os requisitos establecidos no artigo 3.2 desta resolución.

2. As prazas que queden vacantes á vista da relación do punto anterior poderán ser distribuídas pola Secretaría Xeral da Emigración entre as solicitudes doutros países, comezando por aqueles que teñan un maior número de solicitudes admitidas. O número de prazas obxecto de redistribución non poderá superar o 25 % do total.

#### Artigo 12. *Órganos competentes e instrución do procedemento*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das axudas é a Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais, e para a súa resolución, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado se estas reúnen os requisitos establecidos nesta resolución, no servizo de Programas Sociais elaborarán as listas provisionais das persoas solicitantes admitidas e excluídas por países, indicando, de ser o caso, a documentación que deben presentar para emendar ou completar o seu expediente, ou a causa de exclusión. Estas listas serán publicadas no prazo máximo de 50 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>), e instarase ás delegacións e entidades citadas no artigo 5 a que as expoñan nos seus respectivos taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas disporán dun prazo improrrogable de dez días, contados desde o día seguinte ao da publicación das listas provisionais na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración, para formular as alegacións ou achegar os documentos indicados



para emendar o expediente de solicitude. Na publicación advertiráselles de que, se non emendasen a solicitude dentro dese período, teráselles por desistidas da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Transcorrido ese prazo, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos establecidos para a concesión das axudas e aplicados os criterios de prelación, a Comisión Avaliadora emitirá o seu informe, e a continuación publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) as listas definitivas das persoas solicitantes admitidas e non admitidas, por países.

A lista coas persoas admitidas como candidatas á concesión da axuda para participar no programa Reencontros farase na orde de prelación resultante da aplicación dos criterios establecidos no artigo 11 e incluírá os datos relativos á opción de acompañante, modalidade da axuda (financiamento da viaxe do 100 % ou con copagamento), e a opción de regreso.

A partir de entón, se se considera necesario, pódese requirir ás persoas admitidas con oportunidade de obter a/as praza/s solicitada/s, que realicen unha segunda revisión médica para garantir que tanto ela como, de ser o caso, as persoas que a acompañen, contiñan en condicións de participar no programa.

4. Corresponde á persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais formular a proposta de resolución ao titular da Secretaría Xeral da Emigración, coa relación das persoas solicitantes, por países, ás cales adxudicar e denegar a axuda solicitada para participar no programa de Reencontros con Galicia e daquelas outras que quedan en reserva, para chamalas no suposto de que, por algunha circunstancia sobrevida, quedase algunha praza vacante á cal puidesen acceder.

### Artigo 13. *Resolucións*

1. A persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, vista a proposta do órgano instructor, ditará a resolución do procedemento de concesión de axudas para participar no programa Reencontros con Galicia 2026, con indicación de que, no caso de solicitar prazas de copagamento, a adxudicación quedará condicionada á realización do aboamento da cantidade correspondente dentro do período de 10 días contado desde a publicación da resolución.



Esta resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<https://emigracion.xunta.gal>) e, se é posible, nos taboleiros de anuncios das delegacións e entidades relacionadas no artigo 5.2, cos seus anexos correspondentes, onde figurarán con indicación do lugar de residencia (país ou área xeográfica prevista no anexo I), as persoas beneficiarias, as persoas excluídas do proceso e, de ser o caso, as consideradas desistidas ou presentaron renuncia, así como o resto de persoas solicitantes admitidas pero sen praza. Estas últimas conformarán a lista de reserva e aparecerán na orde resultante da aplicación dos criterios detallados no artigo 11.

A partir desa data, non será admisible ningún cambio, agás causas de forza maior ou debidamente xustificadas e autorizadas exclusivamente pola Secretaría Xeral da Emigración.

2. No caso de que con posterioridade á resolución, por renuncias ou outras circunstancias que imposibiliten a viaxe, queden prazas sen cubrir, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración poderá resolver, nas condicións que considere oportunas para non prexudicar o desenvolvemento normal do programa, a adxudicación de axudas para cubrir as prazas vacantes ás persoas solicitantes seguintes que figuren nas listas de reserva, ás cales lles serán notificadas segundo o disposto na citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. O prazo máximo para resolver será de tres (3) meses, contados desde o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se diten as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 14. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. Con carácter xeral, ademais, todas as persoas adxudicatarias desta axuda quedan obrigadas a:

a) Incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos

b) Respetar as normas de réxime interno dos lugares de aloxamento, así como todas aquelas que lles dean no transcurso das actividades, nas cales, en todo caso, terán a obriga de participar, e as demais establecidas pola lexislación vixente na materia. Non cumprir estas normas poderá ter como consecuencia, logo do trámite de audiencia, a expulsión do programa e o regreso ao seu país de orixe no primeiro voo dispoñible.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que se consideren precisas para asegurar o cumprimento do programa. Para tal fin, comprométense a prestar toda a colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida por esta secretaría xeral e polos órganos correspondentes da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino das axudas públicas.



2. En particular, antes de emprender a viaxe, as persoas que resulten beneficiarias están obrigadas a:

a) Comunicar á Secretaría Xeral da Emigración calquera alteración das circunstancias postas de manifesto no seu expediente de solicitude durante a tramitación do expediente, de modo que, con anterioridade á viaxe, a Secretaría Xeral da Emigración poida adoptar a resolución de modificación ou revogación da concesión que corresponda.

b) Se solicitaron regresar quince (15) días despois do remate das actividades, confirmar os datos de contacto das persoas que asinaron a declaración do anexo V.

c) No caso de que algunha das que optaron por prorrogar a súa estada en Galicia quince (15) días precisase viaxar fóra do ámbito territorial desta comunidade autónoma durante ese período, antes de emprender a viaxe debe enviar á Secretaría Xeral da Emigración un escrito en que expoña as circunstancias que xustifiquen ese desprazamento e declare que asume os riscos e os custos que poidan derivar deste.

d) No suposto de renunciar á praza, deben comunicalo por escrito a esta secretaría xeral cunha antelación mínima de quince (15) días antes da viaxe, indicando a causa.

Nos casos de incumprimento desta obriga ou de ter presentado unha renuncia por motivos non suficientemente xustificadas segundo o parecer da persoa titular da secretaría xeral, comunicarase á persoa adxudicataria que non poderá recuperar a cantidade que xa aboase en concepto de copagamento da viaxe, de ser o caso, e que será penalizada de modo que na seguinte convocatoria de axudas para participar nun programa similar non poderá resultar beneficiaria.

3. No suposto de declaración da procedencia do reintegro, considerarase cantidade recibida e que haberá que reintegrar o importe dos billetes pagados xunto cos correspondentes xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 3.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 16. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá dársele cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 17. *Réxime de recursos*

1. Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición adicional única. *Información ás persoas interesadas*

1. De acordo co establecido no artigo 14, alínea ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado



de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiránse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2026

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

#### ANEXO I

A distribución das prazas do programa Reencontros con Galicia por países é a seguinte:

País de residencia dos solicitantes	Número total de prazas	Prazas segundo a modalidade de financiamento	
		Prazas financiadas ao 100 %	Prazas copagamento (600 € América-250 € Europa)
Arxentina	85	51	34
Brasil	33	20	13
Cuba	15	15	0



País de residencia dos solicitantes	Número total de prazas	Prazas segundo a modalidade de financiamento	
		Prazas financiadas ao 100 %	Prazas copagamento
			(600 € América-250 € Europa)
Uruguai	30	18	12
Venezuela	25	22	3
Resto de América	12	8	4
Europa	50	0	50
Total	250	134	116



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

ANEXO II

PROCEDEMENTO REENCONTROS CON GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>EM926G</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

## IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## ENDEREZO

PAÍS

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**

## IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**DATOS COMPLEMENTARIOS DA PERSOA SOLICITANTE**

DATA DE NACEMENTO 
 PROVINCIA/ ESTADO DE NACEMENTO 
 CONCELLO DE NACEMENTO 
 PAÍS DE NACEMENTO

IDADE O 7.10.2026 
 SEXO  HOME  MULLER
 NÚM. DE IDENTIFICACIÓN DO PAÍS DE RESIDENCIA

ESTADO CIVIL 
 NACIONALIDADE 
 ANO EMIGRACIÓN

PAÍS/ES DE RESIDENCIA NOS ÚLTIMOS 10 ANOS 
 ÚLTIMO ANO QUE ESTIVO EN ESPAÑA

PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES A GALICIA DESTA SECRETARÍA?  
 SI  NON
 ANO DE PARTICIPACIÓN

É BENEFICIARIO/A DA PRESTACIÓN POR RAZÓN DE NECESIDADE (PRN) 2026?  
 SI  NON

MODALIDADE DE FINANCIAMENTO:  
 OPTA Á AXUDA DE VIAXE DO 100 %
  OPTA POLO COPAGO DE 600 € América / 250 € Europa

PREFERENCIA PARA O REGRESO:  
 O DÍA DO REMATE DA ESTADÍA NA RESIDENCIA DA XUNTA
  15 DÍAS DESPOIS

TEN PREVISTO VIAXAR XUNTO CON ACOMPAÑANTE?  
 SI  NON

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO 
 TELÉFONO MÓBIL 
 CORREO ELECTRÓNICO

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal \(https://notifica.xunta.gal\)](https://notifica.xunta.gal). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

**Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO 
 NOME DA VÍA 
 NÚM. 
 BLOQ. 
 ANDAR 
 PORTA

CÓDIGO POSTAL 
 PROVINCIA 
 CONCELLO 
 LOCALIDADE

PARROQUIA 
 LUGAR




**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN**
**ANEXO II  
(continuación)**
**DATOS DA UNIDADE ECÓNOMICA FAMILIAR. (Cubrir só en caso de optar a unha axuda do 100 %)**

	APELIDOS	NOME	PARENTESCO	IDADE	INGRESOS MENSUAIS* (moeda do país)	ORIXE (pensión do país de residencia, pensión española, rendas, salario, autónomos..., outros ingresos)
1						
2						
3						
4						
INGRESOS MENSUAIS DA PERSOA SOLICITANTE						
TOTAL, INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE ECÓNOMICA FAMILIAR						
NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR						
INGRESOS TOTAIS ANUAIS EN BRUTO **						

\* Deben indicarse en proporción mensual os ingresos de carácter extraordinario ou de periodicidade non mensual.  
\*\* Os ingresos serán sempre brutos e na moeda do país de residencia.

**DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE, de ser o caso:**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NÚM. PASAPORTE	NÚM. DE IDENTIFICACIÓN DO PAÍS DE RESIDENCIA	NACIONALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARENTESCO CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO	SEXO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> MULLER <input type="radio"/> HOME
TEMPO DE CONVIVENCIA COA PERSOA SOLICITANTE, no caso de ser matrimonio, unión de feito ou relación análoga de afectividade		
<input type="text"/>		
NO SUPOSTO DE NON CONVIVIR CO SOLICITANTE, INGRESOS BRUTOS MENSUAIS EN 2026 (en moeda local):		
<input type="text"/>		

**AUTORIZACIÓN**

A persoa solicitante autoriza a persoa habilitada para o efecto da entidade colaboradora sinalada a seguir, para presentar esta solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

ENTIDADE COLABORADORA:



**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que esta entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/>   | Documentación acreditativa da identidade e nacionalidade, mediante o pasaporte español ou outro documento en que consten os seus datos persoais de identificación e a nacionalidade española.   |
| <input type="checkbox"/>   | Documentación acreditativa do lugar e data de nacemento, para o caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior.   |
| <input type="checkbox"/>   | Unha fotografía recente tamaño carné.   |
| <input type="checkbox"/>   | Certificado do Rexistro de Matrícula Consular como residente no país de América ou Europa que corresponda en que conste a data de inscrición ou outro documento acreditativo da súa residencia no exterior de xeito continuado, polo menos, durante os últimos 10 anos.   |
| <input type="checkbox"/>   | Informe médico conforme o modelo que figura como anexo III.   |
| <input type="checkbox"/>   | No caso dos que opten ás axudas do cen por cento, os xustificantes acreditativos de todo tipo de ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que percibisen a persoa solicitante e os demais membros da súa unidade económica familiar nos meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano en curso, que resulten suficientes para acreditar que non superan o límite establecido no artigo 3.1.g) desta resolución. Para eses efectos, considerarase unidade económica familiar a integrada pola persoa solicitante e, de ser o caso, o seu cónxuxe, parella de feito ou relación análoga de afectividade, así como os/as fillos/as e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, sempre que convivan coa persoa solicitante. |
| <input type="checkbox"/>   | Libro de familia, se procede. Na súa falta, presentarase a documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga de afectividade e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.   |
| <input type="checkbox"/>   | Documento en que conste se a persoa solicitante é beneficiaria da prestación por razón de necesidade do Estado español no ano 2026. De non presentalo, entenderase que desiste da aplicación do criterio de selección sinalado no artigo 11.1 desta resolución.   |
| <input type="checkbox"/>   | Declaración da persoa acompañante segundo o modelo do anexo IV, se for o caso.  |
| <input type="checkbox"/>   | No caso de optar a regresar quince (15) días despois do final da actividade, declaración ou consentimento informado, segundo o modelo do anexo V, asinado polo familiar de ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade. Este anexo poderá ser presentado directamente pola persoa asinante en Galicia, para a súa incorporación ao expediente de solicitude do familiar solicitante.  |
| <b>Para o caso de que a persoa solicitante pretenda vir acompañada por outra persoa da súa familia, sexa convivente ou non, esta deberá presentar o anexo IV debidamente cuberto e a seguinte documentación:</b> |   |
| <input type="checkbox"/>   | Pasaporte ou documento de identidade no que consten os seus datos persoais e nacionalidade.   |
| <input type="checkbox"/>   | Informe médico, segundo o modelo incluído no anexo III.   |
| <input type="checkbox"/>   | Unha fotografía recente, tamaño carné.  |
| <input type="checkbox"/>   | Documentación acreditativa da súa residencia, lugar e da data de nacemento.   |
| <input type="checkbox"/>   | Documentación que probe a relación de parentesco coa persoa solicitante e, de ser o caso, a convivencia con ela desde un ano polo menos, mediante a inscrición no rexistro correspondente, manifestación expresa por acta de notoriedade ou calquera outro medio admisible en dereito.  |
| <input type="checkbox"/>   | Documentación acreditativa dos seus ingresos do primeiro trimestre de 2026, no suposto que a persoa solicitante opte polo financiamento do 100 %, conforme o disposto no artigo 3.3.  |



**COMPROBACIÓN DE DATOS**

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DNI/NIE da persoa solicitante, de ser o caso	<input type="checkbox"/>

Dou o meu consentimento para que me remitan información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración:

 Si  Non

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral da Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a súa exactitude, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Resolución do 29 de abril de 2026, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas para a participación no programa Reencontros con Galicia, dirixido a persoas emigrantes maiores de 65 anos que residen no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento EM926G).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Secretaría Xeral da Emigración



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

ANEXO III

## INFORME MÉDICO

## DATOS DA PERSOA FACULTATIVA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NÚM. COLEXIADO

CENTRO ASISTENCIAL OU ENTIDADE NA QUE PRESTA SERVIZOS

## INFORMO DE QUE:

DON/DONA

CON NIF/PASAPORTE

SOLICITANTE DO PROGRAMA REENCENTROS CON GALICIA 2026, NECESITA SEGUIR ESTE TRATAMENTO:

DEBIDO A:

É unha persoa que se vale por si mesma para realizar as actividades básicas da vida diaria, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia, estar en boas condicións físicas para realizar unha viaxe de longa duración e para realizar actividades lúdicas e saídas culturais en autocar pola contorna.

Polo tanto, considero que:  SI  NON pode participar neste programa.

## SINATURA DA PERSOA FACULTATIVA

Lugar e data

 ,  de  de  **Xacobeo 2027**

Secretaría Xeral da Emigración




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE  
EMPREGO, COMERCIO  
E EMIGRACIÓN

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DA PERSOA ACOMPAÑANTE**

DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE							
<b>IDENTIFICACIÓN</b>							
TIPO	NÚM.		PAÍS EMISOR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
NOME	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
<b>ENDEREZO</b>							
PAÍS							
<input type="text"/>							
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PARROQUIA			LUGAR				
<input type="text"/>			<input type="text"/>				

**ACOMPAÑANTE da persoa solicitante**

**DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral da Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. Tamén terán como finalidade informar doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou coa finalidade de comprobación do cumprimento de requisitos ou compatibilidade doutras axudas. Así mesmo, comunicánselles os datos a aquelas entidades, empresas ou asociacións que colaboren coa Secretaría Xeral da Emigración no desenvolvemento dos diferentes programas ou accións do seu ámbito de actuación.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**SINATURA DA PERSOA ACOMPAÑANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Secretaría Xeral da Emigración



## CONSENTIMENTO DA FAMILIA EN GALICIA

DATOS DA PERSOA QUE PRESTA OU SEU CONSENTIMENTO							
<b>IDENTIFICACIÓN</b>							
TIPO	NÚM.			PAÍS EMISOR			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
<b>ENDEREZO</b>							
PAÍS							
<input type="text"/>							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
<b>CONTACTO</b>							
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL			PREFIXO	OUTRO TELÉFONO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CORREO ELECTRÓNICO							
<input type="text"/>							
PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE							
<input type="text"/>							

De conformidade co disposto no artigo 3.1.h) da resolución pola que se aproban as bases deste programa e se efectúa a convocatoria de axudas para participar nel no ano 2026,

**DECLARO** ter coñecemento de que , con DNI/pasaporte

e residencia habitual en

solicitou unha axuda para participar no programa Reencontros con Galicia 2026 e

**DOU O MEU CONSENTIMENTO** para que no caso de resultar beneficiaria, a dita persoa solicitante e, de ser o caso, a persoa que a acompañe, estean atendidas por min durante os días de prolongación da súa estada tras a finalización das actividades na residencia da Xunta de Galicia, e para manter a interlocución co persoal da Secretaría Xeral da Emigración e cos seus familiares do seu país de residencia habitual no suposto de calquera incidencia que poida xurdir durante o programa.

## SINATURA DA PERSOA QUE PRESTA O SEU CONSENTIMENTO

Lugar e data

,  de  de



Secretaría Xeral da Emigración

